

ACTA Nº 2017/1

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

- CASA DO CONCELLO, XOVES 26 DE XANEIRO DE 2017 -

No día de hoxe ás 20:00 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do secretario, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE:

ADOLFO FRANCISCO MUÍÑOS SÁNCHEZ

ASISTEN:

BNG

TOBIAS BETANZOS REGO

XUSTO XOSÉ ORDOÑEZ FIGUEIRA

ADELINA CES QUINTÁNS

HADRIANA ORDOÑEZ OTERO.- INCORPORASE AS 20:26 H.

RAQUEL GARCIA ABUIN

PP

ELISA BOUZAS VICENTE

ADELA BECERRA MAYO

ADRIÁN VIDAL IGLESIAS

MARÍA VANESA MARTINEZ DURAN

PSOE

MARÍA DEMELSA IGLESIAS COLLAZO

MARTÍN COMOJO VICENTE

FRANCISCO JAVIER GARCIA ARES

MARÍA DEL CARMEN FIGUEIRA ARES

SON-RIANXO EN COMÚN

JUAN ANTONIO LOSADA MARTINEZ

AUSENCIAS:

PP

MARÍA JESUS GALBAN TEIJEIRO

SON-RIANXO EN COMÚN

ANTONIO CASTRO CASTRO

SECRETARIA:

PATRICIA SÁNCHEZ CASTELO

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión e procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

APROBACIÓN DE ACTAS

1. - APROBACIÓN ACTA Nº 20/2016 DE 29 DE DECEMBRO DE 2016

DACIÓNS DE CONTA

2. - DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO

3. - DACIÓN DE CONTA DA R.A. Nº 30/2017.- DELEGACIÓN ALCALDÍA MOCIÓNS

4. - IMPOSICIÓN DUNHA TAXA POLA UTILIZACIÓN OU APROVEITAMENTO DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL POLAS EMPRESAS TITULARES DE INSTALACIÓNS

DE TRANSPORTE DE ENERXÍA ELÉCTRICA, GAS OU HIDROCARBUROS
5. - ROGOS E PREGUNTAS

1.- APROBACIÓN ACTA Nº 20/2016 DE 29 DE DECEMBRO DE 2016

- **A Presidencia preguntalle aos/as Sres/as. Concelleiros/las se desexan formular algunha observación á acta nº 20/2016 de 29/12/2016.**

A continuación vótase o asunto.

O pleno por unanimidade dos presentes adopta este acordo:

PRIMEIRO

APROBAR a acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 29/12/2016, Acta 20/2016.

SEGUNDO

INCORPORAR a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da corporación e maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

2.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO

A) A Presidencia da conta das Resolucións de Alcaldía ditadas dende o día 01/12/2016 ata o 31/12/2016, que comprenden os números 611/2016 ao 698/2016, cuxa relación facilitouse aos voceiros dos grupos municipais.

Non se producen intervencións.

O Pleno da Corporación TOMA COÑECEMENTO.-

B) A Presidencia da conta das Actas das Xuntas de Goberno Local que se indican a continuación e que se trasladaron aos membros do pleno xunto coa convocatoria desta sesión:

- Acta Nº 24 da Sesión ordinaria do día 14/12/2016
- Acta Nº 25 da Sesión extraordinaria do día 20/12/2016
- Acta Nº 26 da Sesión extraordinaria do día 28/12/2016

Non se producen intervencións.

O Pleno da Corporación TOMA COÑECEMENTO.-

3.- DACIÓN DE CONTA DA R.A. Nº 30/2017.- DELEGACIÓN ALCALDÍA

Con data 16 de xaneiro de 2017, ditase a Resolución de alcaldía nº 30/2017, da que se da conta ao Pleno que se transcribe de seguido.

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Delegación Alcaldía na Tenente de Alcalde. Adelina Ces Quintáns

Tendo previsto estar ausente Don Adolfo Francisco Muíños Sánchez do termo municipal de Rianxo dende os días 17 de xaneiro de 2017 até o día 19 de xaneiro de 2017 (incluído), e polo tanto do cargo de alcalde, e considerando que o disposto na resolución da Alcaldía número 378/2016, concretamente na súa parte dispositiva:

“Primeiro: Nomear como tenentes de alcalde, as/os seguintes Concelleiros /as membros da Xunta de Goberno Local, que de seguido se indica:

Primeiro tenente de alcalde: D^a Adelina Ces Quintáns

Segundo tenente de alcalde: D^a Hadriana Ordoñez Otero

Terceiro tenente de alcalde: Don Xusto Xosé Ordoñez Figueira

Segundo. Corresponde aos tenentes de Alcalde en canto tales, substituír na totalidade das súas funcións e pola orde do seu nomeamento, o Alcalde, nos caso de ausencia, enfermidade ou impedimento que imposibilite a este para o exercicio das súas atribucións .“

Considerando o disposto no artigo 47 do Real Decreto 2.568/1986, do 28 de novembro, e o artigo 125 LBRL, no uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local

RESOLVO:

PRIMEIRO,

Nomear alcaldesa en funcións á primeira tenente de alcalde dona Adelina Ces Quintáns dende o día 17 de xaneiro de 2017 ata o 19 de xaneiro de 2017.

SEGUNDO

Ordear a publicación da presente resolución no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e notificar a presente aos interesados indicando que se poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da recepción da notificación da presente ou desde a súa publicación; ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o xulgado que corresponda, dentro do prazo de dous meses, contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estima pertinente.

TERCEIRO

Dar conta ao Pleno e traslado aos departamentos administrativos do Concello

O Pleno da Corporación TOMA COÑECEMENTO.-

MOCIÓN

4.- IMPOSICIÓN DUNHA TAXA POLA UTILIZACIÓN OU APROVEITAMENTO DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL POLAS EMPRESAS TITULARES DE INSTALACIÓNS DE TRANSPORTE DE ENERXÍA ELÉCTRICA, GAS OU HIDROCARBUROS

A voceira do BNG Adelina Ces Quintáns, defende a urxencia da proposta.

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando ratificada por unanimidade dos 14 membros presente dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Tribunal Supremo vén de avalar en diversas sentenzas que os concellos graven as empresas titulares de instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas ou hidrocarburos pola utilización do dominio público local cun cálculo que excede o valor catastral dos terreos e que inclúe a súa utilidade.

Fronte á pretensión de anulación de diversas ordenanzas municipais que fixaron unha taxa específica con ese obxecto, emitíronse de momento cinco sentenzas que sentan doutrina dando a razón aos concellos e pechan un longo enfrontamento entre municipios e compañías, sobre todo eléctricas, que se negaban a pagar estas taxas.

Estes fallos, contrarios a Unión Fenosa, Gas Galicia e Red Eléctrica, e con impacto directo no resto do sector eléctrico e tamén noutros sectores que empregan o dominio público para o transporte de gas ou hidrocarburos, requiren que as ordenanzas fiscais regulen unha taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local das instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas e hidrocarburos. Ademais, tamén se validan os criterios empregados polos informes técnico-económicos onde se valora o solo ocupado como se esas liñas e canalizacións se tratasen de construcións a efectos de calcular a base impoñíbel da taxa.

A Lei Reguladora das Facendas Locais estableceu en 2004 que as empresas eléctricas, de gas, de auga e hidrocarburos están obrigadas a pagar unha taxa fixada por un informe técnico-económico por atravesar o dominio público local, aínda que non os subministren. Malia esa habilitación legal, e unha vez se aprobaron ordenanzas reguladoras para fixar esa obriga de xeito concreto, as empresas non aboaron nunca dita taxa, amosando belixerancia e conflictividade xudicial contra as entidades locais que a impulsaron, negando uns recursos lexítimos ás entidades locais necesarios para poder afortalar os servizos locais.

As propias sentenzas emitidas avalan o cálculo das tarifas da taxa de acordo cun estudo técnico-económico onde se empregan como criterios para obter o seu valor a suma do valor catastral do solo rústico con construcións co valor das instalacións, e a base impoñíbel é resultado de multiplicar ese valor do inmóbel ao coeficiente de relación co mercado e a ocupación en metro cadrado que corresponde a cada metro lineal. Así, a cota a pagar sitúase entre 3.000 euros e 12.000 euros por metro lineal no caso das instalacións de transporte eléctrico, segundo o tipo de tensión -baixa, media ou alta, e no que atinxe ás de transporte de gas, oscila entre os 500 euros e os 4.000 euros.

Aclárase expresamente que é legal a pretensión dos concellos de gravar a utilidade que lle reporta ás empresas de enerxía, gas ou hidrocarburos a utilización privativa ou o aproveitamento especial do solo que forma parte do dominio público, con exclusión doutros usos, para unha actividade netamente industrial consistente en transportar e distribuír enerxía eléctrica (partindo dos casos axuízados nas sentenzas) mais tamén gas ou hidrocarburos (ao estenderse a dito obxecto as ordenanzas validadas xudicialmente).

Unha vez resolta a controversia xudicial a prol dos concellos, cómpre iniciar os procesos e trámites necesarios para poder facer efectiva a taxa pola utilización ou aproveitamento do dominio público local polas empresas titulares de instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas ou hidrocarburos neste concello.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte:

ACORDO

Iniciar os estudos e xestión necesarias para a tramitación e aprobación, a través da correspondente ordenanza fiscal reguladora, dunha taxa pola utilización ou aproveitamento do dominio público local polas empresas titulares de instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas ou hidrocarburos nos termos das sentenzas do Tribunal Supremo que así o avalan

O alcalde dálle a palabra a voceira do BNG Adelina Ces Quintáns que pasa a defender a proposta comezando a súa intervención:

A igual ca o Concello de Arteixo que motivou a sentenza do tribunal supremo o concello de Rianxo ten unha ordenanza que grava a utilización do dominio público polas empresa suministradoras dos servizos que seguintes:

1. Enerxía eléctrica, auga, gas
2. Telecomunicacións
3. Calesquera outras de servizos de suministros que empreguen tuberías, canles, que ocupen o solo o subsolo ou o voo

A base impoñíbel desta taxa está constituída polos ingresos brutos anuais que obteñan pola facturación no noso termo municipal

A cota é o resultado de aplicar o 1,5% á base impoñíbel

Por este concepto na anualidade de 2016 o concello de Rianxo ingresou a cantidade de 63.075,51 euros.

Son suxeitos pasivos desta taxa no noso concello 8 empresas suministradoras de enerxía e 2 suministradoras de servizos de telecomunicacións.

A aportación de Telefónica por esta taxa está regulada polo artigo 4 da lei 15/87.

O réxime de abono da taxa realizase por autoliquidación, e decires aplícase o 1,5% á base impoñíbel (ingresos brutos que declaran as empresas obrigadas pola taxa)

O específico do Concello de Arteixo, avalado polo tribunal supremo é a forma de calcular a cota, o cálculo realízase polo valor de utilidade das instalacións que discorren polo dominio público.

Esta forma de calcular ten como consecuencia que non só se grava en función dos ingresos brutos no concello senón que se grava polo simple feito de realizar algún transporte de suministro a través do dominio público do concello aínda que este transporte non sexa para suministrar no Concello propietario dos terreos ocupados.

De aquí dedúcese que as posibles melloras a introducir na xestión desta taxa no noso concello:

1. Revisar o padrón de empresas obrigadas pola taxa comprobando que aportan todas as empresas suministradoras que operan no concello
2. Auditar as autoliquidacións das empresas.
3. Estudar a viabilidade ou a necesidade de establecer outra forma de cálculo da cota por se esta fora mais xusta.

A vista da exposición o noso grupo propónse unha emenda na moción quedando o acordo co seguinte contido

PROPOSTA DE ACORDO QUE SUSTITUE AO ORIXINAL DA MOCIÓN

É por todo isto polo que se propón a corporación:

1. Expresar publicamente a preocupación da corporación polas subas continuas nos prezos da enerxía cunha repercusión directa nos pagos que teñen que realizar os usuarios dos servizos de suministro de enerxía eléctrica
2. Dar traslado desta preocupación aos organismos da administración pública galega e estatal e as empresa suministradoras de enerxía eléctrica que operan no concello de Rianxo.
3. Realizar as actuacións que sexan pertinentes ao obxecto de realizar unha xestión da taxa regulada pola ordenanza fiscal 19 que responda ao sentido da mesma e neste sentido realizar ao menos as seguintes actuacións:
 1. Fiscalización dos padróns das empresas obrigadas pola taxa e os datos de autoliquidación aportados polas empresas subministradoras
 2. Avaliar as distintas modalidades posibles legalmente de fixar a cota ao obxecto de acadar unha recadación axustada ao propio sentido da ordenanza.

Procédese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

- O concelleiro de Rianxo en Común Juan Antonio Losada Martinez, manifesta o seu apoio a moción.
- A voceira do PSOE M^a Carmen Figueira Ares, pregunta se os estudos van a conlevar gastos e que costes van a ser.
- A voceira do PP M^a Vanesa Martinez Duran, expón que non lles queda claro como se vai a gravar as empresas, e se iso vai a supor un aumento das tarifas polas empresas. Este imposto contemplado no artigo 59 do TRLRHL aprobado por Real

Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo. Existe o risco contemplado no artigo 16.4 da Lei 24/2013 do Sector Eléctrico o cal dispón “*En caso de que las actividades o instalaciones destinadas al suministro eléctrico fueran gravadas, directa o indirectamente, con tributos propios de las Comunidades Autónomas o recargo sobre tributos estatales, en el peaje de acceso o cargo que corresponda podrá incluirse, en el peaje de acceso o cargo que corresponda podrá incluirse un suplemento territorial que cubrirá la totalidad del sobrecoste provocado por ese tributo o recargo y que deberá ser abonado por los consumidores ubicados en el ámbito territorial de la respectiva Comunidad Autónoma. En el caso de que los tributos sean de carácter local, salvo los contemplados en el artículo 59 del TRLRHL Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, en el peaje de acceso o cargo que corresponda se le podrá incluir un suplemento territorial que cubra la totalidad del sobrecoste provocado.*

- O alcalde Adolfo Muíños intervéñen expoñendo que non se trata de aumentar solo se acorda avaliar e facer un estudio para poder despois adoptar a decisión.

O Pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a moción coa seguinte emenda

1. Expresar publicamente a preocupación da corporación polas subas continuas nos prezos da enerxía cunha repercusión directa nos pagos que teñen que realizar os usuarios dos servizos de subministro de enerxía eléctrica
2. Dar traslado desta preocupación aos organismos da administración pública galega e estatal e as empresa suministradoras de enerxía eléctrica que operan no concello de Rianxo.
3. Realizar as actuación que sexan pertinentes ao obxecto de realizar unha xestión da taxa regulada pola ordenanza fiscal 19 que responda ao sentido da mesma e neste sentido realizar ao menos as seguintes actuacións:
 1. Fiscalización os padróns de empresas obrigadas pola taxa e os datos de autoliquidación aportados polas empresas subministradoras
 2. Avaliar as distintas modalidades posibles legalmente de fixar a cota ao obxecto de acadar unha recadación axustada ao propio sentido da ordenanza.

5.- ROGOS E PREGUNTAS

- O concelleiro de Rianxo en Común Juan Antonio Losada Martínez pregunta:
 - ¿Por qué non se cumpren os protocolos nos expedientes sobre gratificacións ó persoal funcionario? como xa dixen no último pleno .
 - Nas resolucións, existe aprobado un recargo de 55000€ a un traballador xubilado ¿a que se debe?
 - As facturas seguen a vir sen desagregar ¿Por qué non se desagregan?

En rogos : O ano pasado aprobamos no pleno o compromiso da non utilización do

grifosato. Rogamos se cumpra o compromiso

Sendo as 20:26 h. incorpórase a concelleira do BNG Hadriana Ordoñez Otero.

- A voceira do PSOE M^a Carmen Figueira Ares roga :
 - Que se revisen as fontes, moitas non votan auga, exemplo a fonte do Lagarteiro en Sestelo.
 - Se habilite no centro do pobo unha zoa para que se practique o skate-park.
 - Sinalicen os resaltos da Rúa Arcos Moldes.
 - Solicitamos coñecer os datos das persoas que utilizan o servizo de voluminosos.
 - Rogamos que se arranxen os regos das cunetas, en todo municipio.
 - Pregunta ¿Cando se vai arranxar os remos da Manuela ?

- A voceira do PP M^a Vanesa Martínez Durán pregunta :
 - ¿Se o posto de administrativo está cuberto?
 - ¿Hai algunha previsión de empresas para o polígono? ¿Existe proxecto de viabilidade técnica e financeira para promocionar o polígono?

- O concelleiro de Rianxo en Común Juan Antonio Losada Martínez pregunta ¿Por qué non se fan plenos con mais contido? Dado que todos cobramos dietas

- O Alcalde Adolfo Muíños toma a palabra: expón que o pleno pasado tivo moito contido e este ten menos, pasou o Nadal as vacacións do persoal. O pleno no principio da lexislatura tomou o acordo de facer plenos mensuais para que poidades fiscalizar o traballo do equipo de goberno e non cada dous meses, e responsabilidade de todos os grupos dotar de contido o pleno traendo máis mocións.

Con respecto o polígono hai 2 semáns que se concretou a compra de 2 parcelas de 6000m², creo que son as 43 e 44. Por outro lado unha empresa de electrodomésticos solicitou unha subvención a Deloa , tamén está en marcha a ampliación da chatarrería e algunha máis que está pendente de compra. No marxe dereito xa non hai nada libre.

Nin as parcelas nin o parque son de xestión municipal, unha das mocións é que o parque pasase a ser da xunta. O concello continúa coas bonificacións, dando información as empresas para que acudan os programas de desenvolvemento local de Deloa, axudas poden chegar a 200.000 €.

En canto os remos da Manuela, dado que Rianxo e zoa batida e o aceiro non era flexible os especialistas buscaron un sistema de fibra de vidro para os remos,

Estase empezando a facer limpeza no Araño, a idea e continuar facendo labores de sinalización nas zoas con resaltos, están encargadas as sinais.

Sobre as pistas de skate, solicitóuselle a Portos a autorización na explanada que

hai cerca do auditorio, xa hai un pequeno deseño para as pistas nesa zoa. Recordar que o concello ten pista de skate en Taragoña.

Sobre as fontes o principal problema é que este ano non choveu. Actuouse na fonte de Abuín, na de Araño e tamén están previstas actuacións na fonte da Lagarteira.

O grifosando non se utiliza, pero as veces necesítase utilizar algún elemento para que a herba non creza.

Cando se conforman as facturas sabemos que os servizos ou subministros están prestados, se se devolven produciríase un atraso na tramitación.

O recargo de 55.000,00€ corresponde a unha indemnización laboral ó traballador que sufriu un accidente a sentenza obríganos a asumir a indemnización, páganse os anos de baixa, no proceso xudicial intentamos defendernos como institución, temos servizo de prevención de riscos laborais, formación, pero se o traballador retira as proteccións. As instrucións dadas o traballador foron verbais e non por escrito.

Respeto as gratificacións cúmprese o acordo adoptado coa mesa de negociación, se queremos manter servizos e seguir prestando actividades e non podemos contratar mais persoal esas horas deben aboarse, debe haber petición previa pero as veces resulta complicado se recae en festivo, se son necesidades urxentes.

O proceso de contratación da bolsa de administrativos está en marcha sairá a lista de admitidos, solapáronse cos procesos de técnico de museos e normalizador, a todas as categorías se presentou moita xente mais de 100 persoas e estanse tramitando os tres procesos.

Ás 20:45 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria, dou fe.

Rianxo, luns 30 de xaneiro de 2017

A secretaria, Patricia Sánchez Castelo

O alcalde, Adolfo Muíños Sánchez